



Xurxo Alonso

Cartas de Conxo

O legado das Távora

XLIX PREMIO DE POESÍA DO CONCELLO DE VILALBA

EDITORIAL
alvarellos



Xurxo Alonso (Buenos Aires, 1956) é licenciado en Bioloxía, pintor e poeta. Autor de nove poemarios, recibiu, entre outros, os seguintes premios: Avelina Valladares, Johán Carballeira, Francisco Añón, Bouza-Brey, Concello de Carral, Cidade de Ourense, Díaz Castro, Concello de Marín, Concello de Ames, Torre de Caldaloba –por *Hora de penumbra* (2019), tamén en Alvarellos Editora–, Lueiro Rey, Leiras Pulpeiro e Concello de Vilalba. Como pintor, realizou máis de setenta exposicións individuais e obtivo premios como a Bienal Cidade de Pamplona, Bienal de Pontevedra, Premio Gredos e Bienal Eixo Atlántico.

Cartas de Conxo

Xurxo Alonso

Cartas de Conxo

O legado das Távora

XLIX PREMIO DO CERTAME LITERARIO
DO CONCELLO DE VILALBA

EDITORIAL
alvarellos

A presente obra, *Cartas de Conxo (O legado das Távora)*, de Xurxo Alonso, obtivo en 2023 o Premio de Poesía da XLIX edición do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo). O xurado estivo integrado por Tamara Rodríguez López (presidenta), Dario Villanueva Prieto, Ramón Villares Paz, Xulio Xiz Ramil, Fidel Fernán Vello e a técnica de Cultura Sonia García Paredes (secretaria).



Concello de Vilalba

© ALVARELLOS EDITORA, 2024

Rúa de Sempre en Galiza, 4 - 15706 Santiago de Compostela
correo@alvarelloseditora.gal - www.alvarelloseditora.gal

© Texto e ilustracións (capa e interiores):

Xurxo Alonso García, 2024

Na capa e contracapa están representadas
as irmás Lecia e Áurea Távora.

Deseño e maqueta: Xacobe Neto

Impreso en Podiprint

O papel utilizado para a impresión deste libro foi fabricado a partir de madeira procedente de bosques xestionados de forma sostenible. Esta obra chegou a ti grazas ó labor e ó esforzo de moitas persoas profesionais:
escritoras, tradutoras, ilustradoras, correctoras, deseñadoras e
maquetadoras, imprentas e librerías. Coa túa compra apoias o seu
traballo e contribúes a mantelo.



ISBN 978-84-18567-57-5

Depósito Legal C 224-2024

Calquera forma de reproducción, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a Cedro (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Índice

- 1936_13
- Fomos nós as sospeitosas..._15
- O LEGADO DAS TÁVORA_17
- Cando veñan da fronte..._21
- Contádelle con que se fixeron..._23
- Chegaron polo equinoccio..._27
- Aínda poupan a medida..._29
- Eles non se perderían..._31
- Timbra o ferro dos trens..._35
- Anticipándose ao rastro..._37
- Eles non se fiarían..._39
- En Bedrobe, onde a casa..._41
- Ali estabamos como unha negación..._45
- Todos os días colgo a roupa..._47
- Que trabazón dos feitos..._49
- Que sabían eles..._51
- En que lentitude vos acomodastes..._53
- Onte trouxéronnos da illa de San Simón..._55
- Aínda non saben dos sorrisos..._57
- Chegado ese momento..._59
- Un rumor anacarado de paxaros..._63
- Quizais non saiban que..._65
- Presentimos a súa chegada..._67

Por fin chegamos á campa...	69
O bordo esvaído dá forma...	73
Cáelles nas costas o orballo...	75
Ninguén chegou nunca...	77
Viñan irados, traían unha vontade...	79
Foi capturando anacos...	81
Eles descoñecen a dimensión...	85
Chegaron desprendendo un aire...	87
Ninguén vos falou daquel desprezo...	89
Chegaron animosos, borrachos...	91
O circio carácter adquirido...	93
Todos traen unha prestancia...	95
Traen a súa cinsa...	97
Aínda lles quedan casas...	99
AGRADECIMENTOS	100

Para Mariló.

*Ninguén me dixo nunca que a pena fora
unha sensación tan parecida ao medo.*

JAVIER MARÍAS

1936

O 21 de outubro un confidente alertou a garda civil do envío dunha carta por parte das irmás Lecia e Áurea Távora, mestras de Vilagarcía. A carta foi interceptada e posta en mans da Comisión Superior Ditaminadora dos Expedientes de Depuración xunto cos respectivos informes aportados sobre as irmás para ver de lles abriren unha causa. Despois de analizalos, a comisión cursou a súa instrución ao Tribunal Militar Provincial que acordou o seu ingreso no manicomio de Conxo. Un extracto do informe remitido ao Tribunal Rexional de Responsabilidades Políticas dicía que: «*Después de examinar el contenido de la carta y comprobar la vida disoluta que llevaban y las nocivas lecturas encontradas en su biblioteca, se concluye que esto les provocó un trastorno en sus cabezas llevándolas a escribir esa serie de extravíos guiados por una imaginación contaminada de ideas izquierdistas y ateas, con el único objeto de entorpecer la noble y sagrada empresa que nos fue encomendada».*

En 1965, morreu Lecia e aos poucos meses acompañouna Áurea. Nos días posteriores, as súas celas foron ocupadas por outras internas. Moitos anos despois, por mor dunhas obras realizadas no edificio, o achado de numerosas cartas e escritos das irmás avivou a memoria dalgunhas testemuñas, que declararon que as cartas lle foran entregadas por Áurea devagariño a sor Rosalina, da orde das Mercedarias, a de maior poder en Conxo, para que as fose depositando no correo, mais nunca o fixo. Gardounas nun caixón.

Aquí ven a luz.

FOMOS NÓS AS sospeitosas de telos agochados
os primeiros días, de responder ás súas cartas,
cada vez más silenciadas na palabra entre liñas nas que o instinto
buscaba comparecencias furtivas dalgunha esperanza,
unha luz de regreso que nos amarrase
e algunha fita tralas mazarocas, que nos desligase
da perturbación dos espellos co pelo ao cero,
coas marcas das malleiras, co oprobio inexplicable
a chamarnos á porta.

Deixamos os brazos axitándose cando se foron
e áinda semellan moverse pola cara do silencio
onde ninguén nos ve pero todos escoitan.

Pero podedes dicírillelo. Xa nada importa. Non temos medo.
Nós, Lecia e Áurea Távora somos as sospeitosas de ocultalos
e aquí declaramos que un día que viñan por eles,
entraron pola porta de atrás da eira,
buscaron nas fotografías, preguntaron por varios dos nosos,
cando e onde,
e volveron preguntar cando e onde antes dos berros,

despois das ameazas.

Logo veu a requisa dos aveños, a incautación
dos poucos cartos que atoparon, algunas alfaias, a prata toda
asolaron o alpendre e o lagar,
o piorno desfixérono a conciencia.

Dixeron que non habería máis colleitas
namentres non as recollesen as mans dos buscados.
E esta é a verdade do que pasou.

Carta incautada pola garda civil que deu orixe ao expediente e ao posterior ingreso en Conxo das irmás Távora.



Concello de Vilalba

alvarelloseditora.gal



DOSQUES PARA TODOS
PARA SEMPRE

EDITORIAL
alvarellos

ISBN 978-84-18567-57-5

